

NOTA DE PRENSA

As organizacións sindicais acordamos unitariamente mobilizarnos para reclamar da Consellaría de Educación un novo proxecto de orde para a implantación da xornada única en sesión de mañá

En reunión celebrada hoxe, 11 de xaneiro, as organizacións sindicais do ámbito do ensino, CIG-ENSINO, CCOO, UGT, ANPE, STEG e CSIF logo de presentar o día 27 de decembro diante do Presidente da Mesa Sectorial Docente non Universitaria un escrito en que, ademais de trasladarlle as nosas reivindicacións para a negociación dun novo proxecto de orde sobre a implantación da xornada única, solicitábamos unha entrevista con carácter de urxencia. Ante a falta de resposta da Consellaría, adoptamos as seguintes resolucións:

- **Realizar unha concentración de delegados e delegadas o vindeiro mércores 16 de xaneiro, ás 11:30 horas**, co obxecto de reivindicar que a Consellaría retome as negociacións presentando un novo proxecto de orde que recolla, entre outras cuestións, que:
 - Para proceder á modificación da xornada se requirirá a participación do 50 % do censo, entendendo un só voto por unidade familiar, e o voto favorábel dos dous terzos dos participantes.
 - O transporte escolar nunca condicionará o cambio de xornada lectiva proposta e aprobada pola comunidade educativa.
- Recadar o apoio dos claustros de profesores e profesoras, dos consellos escolares e das Asociacións de Nais e Pais.

As organizacións sindicais CIG-ENSINO, CCOO, UGT, ANPE, STEG e CSIF agardamos que a Consellaría recapacite e convoque de novo a negociación cun novo proxecto de orde, do contrario é vontade das organizacións sindicais continuar coas mobilizacións.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2008.